- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	ON THE GO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.</p>	<p>Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.</p>		
<p>CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.</p>	<p>Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.</p>		
<p>CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.</p>	<p>Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.</p>	PE	56
<p>CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.</p>	<p>Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados</p>		
<p>CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).</p>	<p>Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.</p>		
<p>CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.</p>	<p>Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles</p>	TI	44

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar textos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e dsoportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o

Contidos

- repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía na aula de inglés estará encamiñada a permitir ao alumno actuar e desenvolver as competencias clave: aprendizaxe cooperativa, cultura de pensamento, traballo cooperativo, avaliación por competencias, aprendizaxe baseada no xogo, intelixencia emocional, aprendizaxe adaptativa e contextualizada e intelixencias múltiples. Estas serán as pautas a ter en conta:

-No noso día a día, para que poidan desenvolver as competencias específicas da área, optaremos por actividades que supoñan un reto para o alumno e que estean conectadas cos contextos persoais, sociais e escolares nos que se move. Falamos de contextualizar as actividades e de ofrecer tarefas auténticas (relevantes, realistas e socializadoras) para que o alumno coñeza de primeira man como, aquilo que aprende na escola, transfírese á vida real.

- Proporá a realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos, favorecendo a adquisición de competencias clave a través da resolución de tarefas de forma creativa e colaborativa, fomentando o espírito científico e o emprendemento (iniciativa persoal), reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-O papel do profesorado será o de acompañamento e guía, que axude a converter cada proxecto nunha experiencia positiva e enriquecedora

- Diseñaranse actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, o que axudará a darlle unha atención individualizada.

-A identificación persoa-lingua, que implica axudar o alumnado a asociar a/o docente coa lingua que ensina de xeito automático. Desde o primeiro momento, a lingua estranxeira ten que ter presenza activa non só na aula, senón tamén no centro educativo.

- O uso de actividades lúdico-pedagóxicas en diferentes formatos, soportes e modalidades así como o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos.

-O fomento da comprensión oral ao longo de toda a etapa, mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos.

-O uso da lectura en lingua estranxeira a través de diversos soportes considerando a necesaria gradación no avance de coñecemento e adquisición da lingua ao longo da etapa, atendendo, asemade, á diversidade das aulas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipos informáticos ABALAR
Libro de texto OPTIONS 1 (Editorial Burlington) cos materiais dixitais que o acompañan.
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Plataformas virtuais de aprendizaxe na rede (Learning Chocolate, Liveworksheets, Aulas Galegas...)
Materiais impresos, gravacións sonoras e videos seleccionados polo docente.

Os materiais empregados na aula de inglés serán múltiples e variados, tanto en soporte físico como en soporte dixital. Primará o principio de adaptación á diversidade (de motivacións, de intelixencias ou de estilos de aprendizaxe dentro do grupo, con recursos que respecten os principios de Diseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será competencial, baseada na observación, tendo como referente as competencias específicas da materia e será

contrastada cos descritores operativos do Perfil de saída que servirán de referencia para a toma de decisións.

Para elo usarase principalmente a observación diaria, así como outras ferramentas, como cuestionarios ou probas escritas, encamiñadas a descubrir a súa capacidade creativa, a comprensión oral e escrita e a elaboración de textos.

Os resultados desta avaliación non figurarán como cualificación nos documentos oficiais de avaliación..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	56	56	51	51	51	56	53
Táboa de indicadores	44	44	49	49	49	44	47

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva e a cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos apartados que se indican a continuación, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2) (10%+30%=) 40%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 15%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4+CA1.5 + CA1.6): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%

Instrumentos de avaliación:Táboa de indicadores

5. MEDIACIÓN (CA1.9): 5%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores

7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

A media das cualificacións redondearase á alza a partir de 0,5.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de levar a cabo probas específicas de recuperación.

Unha vez rematadas as tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

Para esa AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA esta sería a ponderación

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 80%

Instrumento de avaliación: Proba escrita consistenten en cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar ou de resposta curta.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4+ CA1.5 + CA1.6): 20%

Instrumento de avaliación: Táboa de indicadores

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste nivel non procede a especificación deste apartado.

6. Medidas de atención á diversidade

Conforme ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 (Decreto 229/2011, do 7 de decembro) que regula a atención á diversidade do alumnado, o profesorado do Departamento planificará un conxunto de medidas e accións coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estes son os principios a ter en conta nesta planificación:

- A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

- A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas a tomar clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e contemplan actuacións como as que se describen a continuación. (Recoméndase a consulta dos distintos protocolos elaborados pola Consellería de Educación para a atención educativa da diversidade)

a. MEDIDAS ORDINARIAS:

Son estas as medidas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo ás características do alumnado. sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación. Así, adecuarase esta programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. Para elo:

- Procurarase a ubicación do discente preto da mesa do profesorado,
- Realizaranse agrupamentos flexibles que favorezan a interacción e a aprendizaxe compartida.
- Facilitaranse materiais fotocopiados para evitar a dificultade de copiar do encerado ou tomar notas.
- No caso de alumnado con altas capacidades intelectuais ofreceráanse programas de enriquecemento curricular, nos que se compaxinen actividades propostas polo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas. Tamén se tentará impulsar proxectos que potencien a creatividade e induzan situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade.
- Empregaranse distintos niveis de dificultade nas tarefas e nas probas.
- Reforzase a comprensión con explicacións individualizadas; comprobarase que se entendeu a tarefa a realizar antes de iniciala.
- Insistirase na planificación e na organización do estudo co uso da axenda escolar.
- Adaptaranse os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación. Neste sentido valolarase a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, e a concesión do tempo necesario para a realización das mesmas.
- Farase uso da aula de convivencia na que se atenderá temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase. Facilitarase sempre unha tarefa a realizar que non exceda o tempo de permanencia nese espazo.
- No caso de alumnado que pase de curso sen superar a materia, realizarase un plan de reforzo , destinado á súa recuperación e á súa superación. Farase un seguimento do mesmo en cada avaliación.

b. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Neste apartado recóllense as medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

- Adaptacións curriculares que suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo e se axustarán ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.
- Apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica ao alumnado con necesidades educativas especiais dentro da aula .

A nivel de aula. o profesorado da materia de Inglés deberá axustar o seu enfoque metodolóxico a cada unha desas realidades (alumnado con Síndrome de Down, TEA, TDAH, dislexia, integración tardía...) considerando tanto a promoción da motivación e o coidado da autoestima como as tarefas propostas e a súa avaliación. Para elo, recoméndase:

- Respectar a motivación e a autoestima do alumno ou da alumna procurando: .
- Facer observacións positivas sobre o seu traballo, reforzando aquilo que necesita mellorar.
- Non dar os resultados das cualificacións en voz alta.

- Respectar a aula e as tarefas:
- Colocar ao alumno ou á alumna nun lugar no que poida recibir a maior cantidade de información de forma correcta.
- Asegurar que a elección dos compañeiros e das compañeiras, cando se organicen traballos en grupo, se realice de forma equitativa.
- Proporcionar con antelación o material escrito necesario para seguir a clase.
- Proporcionar instrucións, tanto orais como escritas, claras, concisas e secuenciadas en pasos.
- Corrixir as tarefas de forma individualizada co alumno ou coa alumna,
- Darlle todo o tempo que necesite para terminar as súas tarefas

- Fomentar o uso de axendas e/ou calendarios.
- Dosificarlle a cantidade de traballo, tendo en conta que lle levará máis tempo facelo có resto do alumnado, tanto na casa como na clase.
- Cando se use a forma escrita para avaliar, evitar preguntas que requiran unha resposta moi elaborada. Mellor optar por preguntas de SI/NON, de VERDADEIRO/FALSO, de PASO A PASO, de RESPONSTA CURTA, etc., e non penalizar os posibles erros ortográficos ou ser tolerantes con eles.
- Valorar, de forma relevante, o traballo do día a día, o esforzo, a actitude, etc. Considerar o conxunto do proceso, non só o resultado.
- Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan a perda de interese e a posible aparición de condutas inapropiadas.
- Empregaranse actividades de deseño universal sobre situacións da súa vida real, nas que poida participar activamente e partindo sempre do coñecido.
- Dispoñeranse de materiais diversos que atendan a diversidade da aula e faciliten a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores			X	X		X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X		X	X		X
ET.8 - Educación para a saúde				X		
ET.9 - Respecto mutuo e colaboración entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X	X	X
ET.11 - Emprendemento social e empresarial					X	X
ET.12 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X	

Observacións:

As unidades didácticas perseguen desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A comunicación audiovisual, educación emocional e en valores, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura de "Doctor Dolittle", libro en inglés adaptado.	Presentación do relato na aula para que logo o alumnado continúe a súa lectura de xeito autónomo na casa, contando coa axuda de preguntas de comprensión que facilitará a docente.			
Sesión de teatro en inglés na Casa da Cultura de Outes .	O alumnado terá a oportunidade de asistir á representación da obra "i-Spy" en lingua inglesa adaptada para adolescentes de Secundaria Obrigatoria pola compañía Face to Face. Previamente á actividade facilitarase material didáctico para facilitar a comprensión da obra e posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas			

Observacións:

A ampliación de actividades queda aberta á oferta que poda xurdir durante o curso, priorizándose o interese para o alumnado e a non coincidencia no tempo coas actividades doutros departamentos, no caso de requirirse a alteración do horario de clases habitual.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Levouse a cabo a planificación da docencia conforme á programación
Informouse ó alumnado dos obxectivos perseguidos ao inicio de cada unidade didáctica
Consiguese a participación activa do alumnado.
Ofrecéronse as explicacións individualizadas cando foron necesarias.
Adoptarónse as medidas curriculares axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Elaboráronse actividades atendendo á diversidade.
Fixéronse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
Xestionáronse adecuadamente os tempos
Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínouse o traballo individual e en equipo.
Préstase atención aos elementos transversais.
Póñense en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Levou a cabo un plan de traballo para a recuperación da materia en cursos anteriores
Na corrección de probas e traballos, ofrecese o alumnado o "feedback" necesario para a mellora

Descrición:

Nas reunións de departamento o remate de cada trimestre, o profesorado fomentará a avaliación e reflexión tanto das aprendizaxes do alumnado coma dos procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar. A escala a seguir será: NA (Non acadado) - AP (Acadado parcialmente) - TA (Totalmente acadado).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións conxuntas dos membros do departamento. Nas xuntanzas que se celebren a comezos de trimestre, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para se fose necesario proceder as modificacións necesarias. Calquera modificación será comunicada ao alumnado para que teña coñecemento dela.

Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final. Estes serán algúns dos indicadores a considerar:

1. Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
2. Adecuación da distribución do currículo nas Unidades Didácticas
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación
4. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
5. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
6. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
7. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento da materia pendente.
8. Adecuación das probas escritas
9. Adecuación dos programas de apoio e recuperación
10. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE
11. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
12. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados